

Referencia:	2023/11556Z
Procedemento::	Expedientes del servicio de clasificación y transferencia de residuos industriales (Centro Verde San Cibrao)
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE (3889)	

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS E ESPECIAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45 da Constitución Española establece o dereito para gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo e a obriga dos poderes públicos, entre eles os entes locais, de velar pola utilización racional dos recursos naturais, protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

En cumprimento do anterior, aprobouse a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece, por unha banda, as competencias locais en materia de residuos no seu artigo 12.5, e doutra, na súa disposición adicional oitava, a obrigación das entidades locais de aprobar ordenanzas que se adapten a esta lei. Concrétase así o que dispón o artigo 36.1.C da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, que considera que son competencias propias da Deputación a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.

Doutra banda, en 2018 aprobáronse no seo da Unión Europea unha serie de directivas que integran o denominado "Paquete de economía circular", cuxo obxectivo principal é a mellora da xestión de residuos, poñendo énfase especial na dita xestión, co obxectivo esencial de "pechar o círculo" do ciclo de vida dos produtos a través dun maior reciclado e reutilización dos residuos, de maneira que se garante a utilización prudente, eficiente e racional dos recursos naturais, co beneficio engadido de fomentar así o aforro enerxético e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.



A Estratexia Española de Economía Circular, España Circular 2030 (EEEC) senta as bases para impulsar un novo modelo de produción e consumo na que o valor de produtos, materiais e recursos se manteña na economía durante o maior tempo posible, na que se reduzan ao mínimo a xeración de residuos e se aproveiten co maior alcance posible os que non se poden evitar. A EEEC alíñase cos obxectivos dos dous plans de acción de economía circular da Unión Europea, "Pechar o círculo: un plan de acción da UE para a economía circular" de 2015 e "Un novo plan de acción de economía circular para unha Europa máis limpa e competitiva" de 2020, e ademais con o Pacto Verde Europeo e a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

O texto desta ordenanza redáctase no marco das políticas da UE e da Estratexia Española de Economía Circular 2030, pretendendo con iso desde a Deputación Provincial de Ourense contribuír á protección ambiental, a promover e asegurar a correcta xestión dos residuos industriais, non perigosos e de carácter especial, que se poidan xerar na provincia de Ourense, dando prioridade á prevención, á reutilización e ao reciclaxe e outras formas de valorización, fronte ao depósito en vertedoiro.

Para fomentar a prevención ambiental, a mellora da limpeza dos espazos públicos, a eficiencia na xestión dos residuos e o cumprimento dos obxectivos de avance cara a unha economía circular é esencial a concienciación da poboación, promovendo actitudes e comportamentos cívicos e proambientales entre a cidadanía.

Sendo a prevención a mellor opción para a sustentabilidade ambiental e a mitigación dos impactos do cambio climático, esta ordenanza tamén debe contemplar medidas de control naqueles supostos en que non se respectan as normas necesarias para unha convivencia acorde co que espera a cidadanía, polo que se fai preciso recoller igualmente na ordenanza, un réxime sancionador axustado á ordenación xurídica establecida na lexislación estatal e autonómica de aplicación e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que asegure a cobertura legal necesaria en materia de potestade sancionadora.

Establécese, por tanto, unha tipificación de infraccións coas súas correspondentes sancións, cumprindo deste xeito as esixencias derivadas do principio de legalidade.

Esta ordenanza pretende ser, en definitiva, a base do compromiso entre os produtores, posuidores de residuos industriais, non perigosos e de carácter especial e a Deputación



Provincial para velar pola eficiencia no consumo de recursos naturais, a protección e a conservación da nosa contorna ambiental.

Todo iso ven xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cumprindo con iso a obrigación das administracións públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

A presente ordenanza non ten repercusións en cuestións de xénero polo que, non é necesario a elaboración do informe non vinculante sobre o impacto nesta materia, regulado nos artigos 19 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, que de acordo coa súa disposición final 1.ª forma parte das condicións básicas que garanten a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais de acordo co establecido no artigo 149.1.11 da CE) e no artigo 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A redacción da ordenanza respecta a perspectiva de xénero na linguaxe escrita cumprindo o disposto nas anteriores normas e no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Deputación Provincial de Ourense para os anos 2017-2021.

A presente norma ten impacto na actividade económica xa que establece as tarifas que se devindicarán con ocasión da prestación do servizo público de recollida e tratamento de residuos procedente das obras de construción e demolición.



Título preliminar: Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial

- 1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.
- 2. Este servizo público é de titularidade provincial cuxa ordenación e xestión correspóndelle á Deputación Provincial de Ourense por competencia propia adquirida no pleno do 30 de maio de 2014 e trala cesión do centro verde propiedade do concello de San Cibrao das Viñas, a esta administración o 27 de novembro de 2014.
- 3. O servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais da Deputación Provincial de Ourense, comprende a:
 - a) Recepción no centro verde de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso e especial, producidos dentro do ámbito territorial desta ordenanza.
 - b) Recollida e recepción "porta a porta", por persoal autorizado do servizo, nas industrias e empresas dos produtores de residuos de orixe industrial de tipo non perigoso ou especial, producidos dentro do ámbito territorial desta ordenanza.
- 4. O servizo de recepción no centro verde, préstase mediante a explotación da dita instalación, localizado no Polígono de San Cibrao, vía 4, coordenadas UTM (Fuso T29) (DATUM ETRS89) X= 597.333,63 m e Y= 4.682.200,02 m.
- 5. O servizo de recollida e recepción "*porta a porta*", nas industrias ou empresas dos produtores, prestarase mediante un vehículo ou persoal autorizado.
- 6. O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza é para os residuos industriais non perigosos e especiais, de industrias ou actividades localizadas na provincia de Ourense, incluíndo dúas áreas principais, a primeira, denominada "zona prioritaria" abarcando o Polígono Industrial de San Cibrao, o Parque Empresarial do Pereiro de Aguiar e a Zona Comercial Barreiros e a segunda, nomeada "zona non prioritaria" para todas aquelas zonas territoriais que estean fora da antedita, como son as que se sitúan noutras zonas do municipio de San Cibrao das Viñas ou aquelas próximas á zona industrial de Seixalbo (no municipio de Ourense), incluso na bisbarra da cidade de Ourense.



7. Os residuos industriais non perigosos e especiais permitidos neste centro verde, recóllense no Anexo I desta ordenanza.

Título I

Das prestacións do servizo

Artigo 2. Da prestación da recepción dos residuos industriais non perigosos e especiais admisibles no centro verde

- 1. A recepción dos residuos será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuarias deste servizo todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que directa ou indirectamente entreguen residuos (catalogados como aceptables) nestas instalacións (centro verde), é dicir, calquera produtor ou posuidor de residuos industriais non perigosos e especiais que, directamente ou indirectamente, fagan entrega deles nas instalacións.
- 2. No momento de realizar a entrega dos residuos no centro verde, a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no seu caso presentar a seguinte documentación:
 - Razón social da empresa que entrega o residuo
 - Matrícula do transporte no caso de realizarse entrega no centro verde
 - Persoa propietaria e teléfono de contacto
 - Tipo (código LER) e volume de residuos
 - Autorización ambiental que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso
- 3. A recepción dos residuos quedará regulada baixo a aplicación de prestacións patrimoniais non tributarias para cada tipoloxía dos residuos aceptados neste centro verde, recollidos no Anexo I desta ordenanza.
- 4. Considérase "residuo recepcionado" cando se cumpran todos os trámites esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor do centro



verde e consecuentemente, téñase liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.

- 5. Así, a descarga ou abandono de calquera tipo de residuos, dentro ou fora da planta, sen os anteditos trámites de aceptación serán considerados como "residuos abandonados" e rexeranse segundo o disposto no artigo 108 de infraccións, da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- 6. En ningún caso, se recepcionarán residuos que non poidan ser clasificados/identificados dentro dalgunha das tipoloxías recollidas no Anexo I desta ordenanza, ou ben polo seu estado de conservación, pola invisibilidade do embalaxe, pola mestura con algún residuo non permitido ou prohibido, ou por calquera outro motivo.
- 7. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recepción, suporán a non aceptación nin a entrada na planta. No caso de que non se detecten e aparezan mesturados posteriormente á recepción, serán almacenados nun contedor pechado con este destino para a entrega ao xestor autorizado, procedendo a tramitar pola administración o correspondente expediente sancionador, do que se poida derivar a aplicación de sanción económica así como a prohibición de uso deste servizo público.

Artigo 3. Da prestación da recollida e recepción de residuos "porta a porta" nas industrias ou empresas produtoras de residuos

- 1. A recollida e recepción dos residuos "porta a porta" será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuarias deste servizo todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que, de xeito directo ou indirecto, entreguen aqueles residuos clasificados como aceptados, ao persoal encargado de realizar esta recollida, é dicir, calquera produtor/a ou posuidor/a de residuos industriais non perigosos e especiais, que faga entrega deles ao transportista responsable deste servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos industriais non perigosos e especiais.
- 2. A recepción dos residuos quedará regulada baixo a aplicación das prestacións patrimoniais non tributarias, en función da localización da industria ou empresa á que se vaia a recoller os residuos, ou ben dentro da zona prioritaria ou pola contra na zona non prioritaria, definidas no artigo 1.5 desta ordenanza.

DEPUTACIÓN OURENSE

3. No momento de realizar a entrega dos residuos ao persoal do servizo de recollida e

recepción "porta a porta", a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no

seu caso presentar a seguinte documentación:

• Razón social da empresa que entrega o residuo

• Persoa propietaria e teléfono de contacto

• Tipo (código LER) e volume de residuos

• Autorización que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en

cada caso

4. Considérase "residuo recepcionado porta a porta" cando se cumpran todos os trámites

esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor do

centro verde ou o transportista autorizado para a recollida, e consecuentemente, téñase

liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.

5. En ningún caso recolleranse residuos que non poidan ser clasificados/identificados

dentro dalgunha das tipoloxías recollidas no Anexo I desta ordenanza, ben polo seu estado de

conservación, a invisibilidade do embalaxe, a mestura con algún residuo non permitido e/ou

prohibido ou ben, por calquera outro motivo.

6. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recollida "porta a

porta", suporán a non aceptación e consecuentemente a non recollida. No caso de que non se

detecten e aparezan mesturados posteriormente á recollida, serán almacenados nun contedor

pechado con este destino para a entrega ao xestor autorizado, procedéndose a tramitar pola

administración o correspondente expediente sancionador, do que se poida derivar a aplicación

de sanción económica así como, a prohibición de uso deste servizo público.

<u>Título II</u>

Do réxime sancionador

Artigo 4. Infraccións



- 1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo do que os preceptos desta ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.
- 2. As infraccións tipificadas na presente ordenanza clasificanse en leves, graves e moi graves.

3. Serán infraccións moi graves:

- a) Exercicio de calquera actuación ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro ambiental.
- b) Exercicio de calquera manobra, actuación, acto vandálico ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro a dita instalación ou elemento anexo á propiedade.
- c) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción de residuos non admisibles no centro verde, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
- d) Ocultar, mesturar ou incluír, dolosamente, residuos non admisibles, de tal xeito que sexa imposible detectalos durante a recepción, tanto no centro verde, como na recollida "*in-situ*".
- e) Desfacerse de residuos que poidan ser obxecto dalgunha proba xudicial, derivada dun acto delitivo ou susceptible de ter causado un dano ou deterioro no medio ambiente, ou posto en grave perigo a saúde das persoas.
- f) Obstruír a actividade inspectora ou de control da Deputación Provincial de Ourense.

4. Serán infraccións graves:

- a) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á recepción gratuíta de residuos admisibles no centro verde, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
- b) Falsificar a documentación e datos esixidos sobre o produtor, o xestor e/ou os residuos que se entregan no centro verde ou na recollida "*in-situ*".

DEPUTACIÓN OURENSE

c) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola

súa escasa entidade non mereza a clasificación de moi grave.

5. Serán infraccións leves:

a) Obrigar ao persoal encargado da xestión do centro verde ou ao transportista á

recepción gratuíta de residuos admisibles no centro verde, aínda sen empregar

violencia física ou verbal.

b) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola

súa escasa entidade non mereza a clasificación de grave.

Artigo 5. Prescrición das infraccións.

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos

cinco anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezarase a contar desde o día en que a

infracción se comete.

3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar

desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se

consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foran

descoñecidos por carecer de signos externos, dito prazo computarase desde que estes se

manifesten.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do

procedemento sancionador, continuando o prazo de prescrición se o expediente sancionador

estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Artigo 6. Sancións

a) No caso de infraccións moi graves: as multas oscilarán desde los 5.001,00 € ata os

15.000,00 €.

b) No caso de infraccións graves: as multas oscilarán dende os 751,00 € ata os 5.000,00

€.

c) No caso de infraccións leves: as multas serán ata os 750,00 €.



Artigo 7. Prescricións das sancións.

- 1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.
- 2. O prazo de prescrición das sancións comezarase a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
- 3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 8. Publicidade das sancións

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquirira firmeza.

Artigo 9. Competencia e procedemento sancionador

- 1. Corresponde ao presidente da Deputación a resolución dos expedientes administrativos sancionadores no exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 2. A imposición de sancións e a exixencia de responsabilidades conforme a esta ordenanza levaranse a cabo de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo os principios establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e demáis normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 10. Reparación do dano e indemnización.

Sen prexuízo da sanción que se poderá impor, a persoa infractora quedará obrigada á reposición da situación alterada nos supostos previstos no artigo 4.3.a) e b) desta ordenanza, así como a indemnización dos danos e prexuízos causados que deberá ser determinado polo órgano competente e trala tramitación do correspondente expediente no que, en todo caso, darase audiencia á persoa interesada. Este expediente poderá tramitarse de forma conxunta ou separadamente do de determinación da responsabilidade infractora.



Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Anexo I Residuos permitidos e aceptados no Centro Verde

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS NON PERIGOSOS
20 01 38	MADEIRAS
20 01 01	PAPEL
20 01 01	CARTÓN
20 01 40	CHATARRA
20 01 11	TEAS
20 01 39	PLÁSTICOS
20 01 99	OUTROS
17 04 02	ALUMINIO
varios	LODOS
_	PALETS
_	EMBALAXES DE CARÁCTER INDUSTRIAL
20 01 02	VIDRO
10 01	CINZAS



CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIAIS DE CARÁCTER ESPECIAL
	SUBTIPO
080111	PINTURAS E VERNICES
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS E SELADORES QUE CONTEÑEN DISOLVE ORGÁNICOS OU SUBSTANCIAS PERIGOSAS
CAP 08	PO DE LIXADO
12 01 09	EMULSIÓNS E DISOLUCIÓNS DE MECANIZADO SEN HALÓXENOS
13 01 10	ACEITES MINERAIS NON CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSM MECÁNICA E LUBRICANTES
14 06 02	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES HALOXENADO
14 06 03	OUTROS DISOLVENTES E MESTURAS DE DISOLVENTES
15 01 10	ENVASES QUE CONTEÑEN RESTOS DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS ESTÁN CONTAMINADOS POR ELAS
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS OS RECIPIENTES A PRESIÓN BALE QUE CONTEÑEN UNHA MATRIZ POROSA SÓLIDA PERIGOSA
15 02 02	ABSORBENTES, MATERIAIS DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS OS FIL NON ESPECIFICADOS NOUTRA CATEGORÍA), TRAPOS DE LIMPEZ ROUPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUBSTANCIAS PERIGOSAS
16 01 07	FILTROS DE ACEITE
16 01 13	LÍQUIDOS DE FREO
16 01 14	ANTICONXELANTES QUE CONTEÑEN SUBSTANCIAS PERIGOSAS
16 06 01	BATERÍAS DE CHUMBO
20 01 33	BATERÍAS E ACUMULADORES ESPECIFICADOS NOS CÓDIGOS 16 06 01 02 OU, 16 06 03, E BATERÍAS E ACUMULADORES SEN CLASIFICAR CONTEÑEN ESAS BATERÍAS
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO
16 06 04	PILAS ALCALINAS E SALINAS
	LIXO INDUSTRIAL
_	AUGAS HIDROCARBURADAS



Anexo II Residuos non permitidos e non aceptados no Centro Verde

CÓDIGO LER	RESÍDUOS NON ADMISÍBEIS
_	RESIDUOS URBANOS ORGÁNICOS
_	MATERIAIS RADIACTIVOS
_	MATERIAIS EXPLOSIVOS
_	MATERAIS INFLAMÁBEIS
_	RESIDUOS INFECCIOSOS
_	RESIDUOS BIOSANITARIOS E/OU CITOLÓXICOS
_	RECIPIENTES VOLUMINOSOS QUE CONTIVERAN MATERIAIS TÓXICOS OU PERIGOSOS
_	MEDICAMENTOS
_	RESIDUOS SEN SEGREGAR
_	RESIDUOS SEN IDENTIFICAR
_	RESIDUOS NON ESPECIFICADOS NA LISTAXE DE ADMISÍBEIS



ORDENANZA REGULADORA DEL SERVICIO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOGIDA Y TRATAMIENTO DE RESIDUOS INDUSTRIALES NO PELIGROSOS Y ESPECIALES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El artículo 45 de la Constitución Española establece el derecho para disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo y el deber de los poderes públicos, entre ellos los entes locales, de velar por la utilización racional de los recursos naturales, proteger y mejorar la calidad de vida y defender y restaurar el medio ambiente.

En cumplimiento del anterior, se aprobó la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular, que establece, por una parte, las competencias locales en materia de residuos en su artículo 12.5, y de otra, en su disposición adicional octava, la obligación de las entidades locales de aprobar ordenanzas que se adapten a esta ley. Se concreta así lo que dispone el artículo 36.1.C de la Ley 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de régimen local, que considera que son competencias propias de la Diputación la prestación de servicios públicos de carácter supramunicipal y, en su caso, supracomarcal y el fomento o, en su caso, coordinación de la prestación unificada de servicios de los municipios de su respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá la prestación de los servicios de tratamiento de residuos en los municipios de menos de 5.000 habitantes, y de prevención y extinción de incendios en los de menos de 20.000 habitantes, cuando estos no procedan a su prestación.

Por otro lado, en 2018 se aprobaron en el seno de la Unión Europea una serie de directivas que integran el denominado "Paquete de economía circular", cuyo objetivo principal es la mejora de la gestión de residuos, poniendo énfasis especial en la misma, con el objetivo esencial de "cerrar el círculo" del ciclo de vida de los productos a través de un mayor reciclado y reutilización de los residuos, de manera que se garantiza la utilización prudente, eficiente y racional de los recursos naturales, con el beneficio añadido de fomentar así el ahorro energético y reducir las emisiones de gases de efecto invernadero.

La Estrategia Española de Economía Circular, España Circular 2030 (EEEC) sienta las bases para impulsar un nuevo modelo de producción y consumo en el que el valor de productos,



materiales y recursos se mantengan en la economía durante lo mayor tiempo posible, en la que se reduzcan al mínimo la generación de residuos y se aprovechen con el mayor alcance posible los que no se pueden evitar. La EEEC se alinea con los objetivos de los dos planes de acción de economía circular de la Unión Europea, "Cerrar el círculo: un plan de acción de la UE para la economía circular" de 2015 y "Un nuevo plan de acción de economía circular para un Europa más limpia y competitiva" de 2020, y además con el Pacto Verde Europeo y la Agenda 2030 para el desarrollo sostenible.

El texto de esta ordenanza se redacta en el marco de las políticas de la UE y de la Estrategia Española de Economía Circular 2030, pretendiendo con esto desde la Diputación Provincial de Ourense contribuir a la protección ambiental, a promover y asegurar la correcta gestión de los residuos industriales, no peligrosos y de carácter especial, que se puedan generar en la provincia de Ourense, priorizando la prevención, reutilización y reciclaje y otras formas de valorización ante el depósito en vertedero.

Para fomentar la prevención ambiental, la mejora de la limpieza de los espacios públicos, la eficiencia en la gestión de los residuos y el cumplimiento de los objetivos de avance hacia una economía circular es esencial la concienciación de la población, promoviendo actitudes y comportamientos cívicos proambientales entre la ciudadanía.

Siendo la prevención a mejor opción para la sostenibilidad ambiental y la mitigación de los impactos del cambio climático, esta ordenanza también debe contemplar medidas de control en aquellos supuestos en que no se respetan las normas necesarias para una convivencia acorde con el que espera la ciudadanía, por lo que se hace preciso recoger igualmente en la ordenanza, un régimen sancionador ajustado a la ordenación jurídica establecida en la legislación estatal y autonómica de aplicación y en la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, que asegure la cobertura legal necesaria en materia de potestad sancionadora.

Se establece, por tanto, una tipificación de infracciones con sus correspondientes sanciones, cumpliendo de este modo las exigencias derivadas del principio de legalidad.

Esta ordenanza pretende ser, en definitiva, la base del compromiso entre los productores, poseedores de residuos industriales, no peligrosos y de carácter especial y la Diputación



Provincial para velar por la eficiencia en el consumo de recursos naturales, la protección y la conservación de nuestro entorno ambiental.

Todo esto viene a justificar la adecuación de la norma a los principios de buena regulación previstos en el artículo 129.1 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, cumpliendo con esto la obligación de las administraciones públicas de actuar de acuerdo con los principios de necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia.

La presente ordenanza no tiene repercusiones en cuestiones de género por lo que, no es necesario la elaboración del informe no vinculante sobre el impacto en esta materia, regulado en los artículos 19 de la Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva entre mujeres y hombres, que de acuerdo con su disposición final 1.ª forma parte de las condiciones básicas que garantizan la igualdad de todos los españoles en el ejercicio de los derechos y el cumplimiento de los deber constitucionales de acuerdo con el establecido en el artículo 149.1.11 de la CE y en el 8 del Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por lo que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad.

La redacción de la ordenanza respeta la perspectiva de género en el lenguaje escrito cumpliendo el dispuesto en las anteriores normas y en el I Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres de la Diputación Provincial de Ourense para los años 2017-2021.

La presente norma tiene impacto en la actividad económica ya que establece las tarifas que se devengarán con ocasión de la prestación del servicio público supramunicipal de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales de la Diputación Provincial de Ourense.



Título preliminar: Disposiciones generales

Artículo 1. Objeto, fundamento y ámbito territorial

- 1. Constituye el objeto de la presente ordenanza la regulación del servicio público supramunicipal de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales.
- 2. Este servicio público es de titularidad provincial cuya ordenación y gestión le corresponde a la Diputación Provincial de Ourense por competencia propia adquirida en el pleno de 30 de mayo de 2014 y tras la cesión del centro verde propiedad del ayuntamiento de San Cibrao das Viñas a esta administración el 27 de noviembre de 2014.
- 3. El servicio público supramunicipal de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales de la Diputación Provincial de Ourense, comprende:
 - c) La recepción en el centro verde de residuos de origen industrial de tipo no peligroso y especial, producidos dentro del ámbito territorial de esta ordenanza.
 - d) La recogida y recepción "puerta a puerta", por personal autorizado del servicio, en las industrias o empresas de los productores de residuos de origen industrial de tipo no peligroso y especial, producidos dentro del ámbito territorial de esta ordenanza.
- 4. El servicio de recepción en el centro verde, se presta mediante la explotación del mismo, localizado en el Polígono de San Cibrao, vía 4, coordenadas UTM (Huso T29) (DATUM ETRS89) X= 597.333,63 m e Y= 4.682.200,02 m.
- 5. El servicio de recogida y recepción "*puerta a puerta*", en las industrias o empresas de los productores, se prestará mediante un vehículo o personal autorizado.
- 6. El ámbito territorial de aplicación de esta ordenanza es para los residuos industriales no peligrosos y especiales, de industrias o actividades localizadas en la provincia de Ourense, incluyendo dos áreas principales, la primera, denominada "zona prioritaria" abarcando el Polígono Industrial de San Cibrao, el Parque Empresarial de O Pereiro de Aguiar y la Zona Comercial Barreiros y la segunda, nombrada "zona no prioritaria" para todas aquellas zonas territoriales que estén fuera de la anterior, como son las que se sitúan en otras zonas del



municipio de San Cibrao das Viñas o aquellas próximas a la zona industrial de Seixalbo (en el municipio de Ourense), incluso en los alrededores de la ciudad de Ourense.

7. Los residuos industriales no peligrosos y especiales permitidos en este centro verde, se recogen en el Anexo I de esta ordenanza.

Título I

De las prestaciones del servicio

Artículo 2. De la prestación de la recepción de los residuos industriales no peligrosos y especiales admisibles en el centro verde

1. La recepción de los residuos será a solicitud de la persona interesada y tendrán condición de usuarias de este servicio todas las personas físicas, jurídicas u otras entidades que directa o indirectamente entreguen residuos (catalogados como aceptables) en estas instalaciones (centro verde), es decir, cualquiera productor o poseedor de residuos industriales no peligrosos y especiales que, directa o indirectamente, hagan entrega de ellos en las instalaciones.

2. En el momento de realizar la entrega de los residuos en el centro verde, la persona cedente deberá proporcionar la siguiente información, y en su caso, presentar la siguiente documentación:

- Razón social de la empresa que entrega el residuo.
- Matrícula del transporte, en el caso de realizarse entrega en el centro verde.
- Persona propietaria y teléfono de contacto.
- Tipo (código LER) y volumen de residuos.
- Autorización ambiental que corresponda según la normativa que le sea de aplicación en cada caso.
- 3. La recepción de los residuos quedará regulada bajo la aplicación de prestaciones patrimoniales no tributarias para cada tipología de los residuos aceptados en este centro verde, recogidos en el Anexo I de esta ordenanza.



- 4. Se considera "residuo recepcionado" cuando se cumplan todos los trámites exigidos en esta ordenanza reguladora, así como cuando estos sean aceptados por el gestor del centro verde y consecuentemente, se haya liquidado la prestación patrimonial de carácter público no tributaria correspondiente.
- 5. Así, la descarga o abandono de cualquier tipo de residuos, dentro o fuera de la planta, sin los anteriores trámites de aceptación serán considerados como "residuos abandonados" y se regirán según lo dispuesto en el artículo 108 de infracciones, de la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular.
- 6. En ningún caso, se recepcionarán residuos que no puedan ser clasificados/identificados dentro de alguna de las tipologías recogidas en el Anexo I de esta ordenanza, o bien por su estado de conservación, por la invisibilidad del embalaje, por la mezcla con algún residuo no permitido o prohibido, o por cualquier otro motivo.
- 7. La presencia de residuos peligrosos, que se detecten en el momento de la recepción, supondrán la no aceptación y no entrar en la planta. En caso de que no se detecten y aparezcan mezclados posteriormente a la recepción, serán almacenados en un contenedor cerrado con este destino para la entrega al gestor autorizado, procediendo a tramitar por la administración el correspondiente expediente sancionador, del que se pueda derivar la aplicación de sanción económica así como, la prohibición de uso de este servicio público.

Artículo 3. De la prestación de la recogida y recepción de residuos "puerta a puerta" en las industrias o empresas productoras de residuos

- 1. La recogida y recepción de los residuos "puerta a puerta" será a solicitud de la persona interesada y tendrán condición de usuarias de este servicio todas las personas físicas, jurídicas u otras entidades que, directa o indirectamente, entreguen aquellos residuos clasificados como aceptados, al personal encargado de realizar esta recogida, es decir, cualquier productor/a o poseedor/a de residuos industriales no peligrosos y especiales que haga entrega de ellos al transportista responsable de este servicio público supramunicipal de recogida y tratamiento de residuos industriales no peligrosos y especiales.
- 2. La recepción de los residuos quedará regulada bajo la aplicación de la prestaciones patrimoniales no tributarias, en función de la localización de la industria o empresa a la que se vaya a recoger los residuos, o bien dentro de la zona prioritaria o por el contrario en la zona no prioritaria, definidas en el artículo 1.5 de esta ordenanza.



- 3. En el momento de realizar la entrega de los residuos al personal del servicio de recogida y recepción "*Puerta a puerta*", la persona cedente deberá proporcionar la siguiente información, y en su caso presentar la siguiente documentación:
 - Razón social de la empresa que entrega el residuo.
 - Persona propietaria y teléfono de contacto.
 - Tipo (código LER) y volumen de residuos.
 - Autorización que corresponda según la normativa que le sea de aplicación en cada caso.
- 4. Se considera "residuo recepcionado puerta a puerta" cuando se cumplan todos los trámites exigidos en esta ordenanza reguladora, así como cuando estos sean aceptados por el gestor del Centro Verde o el transportista autorizado para la recogida, y consecuentemente, se haya liquidado la prestación patrimonial de carácter público no tributaria correspondiente.
- 5. En ningún caso se recogerán residuos que no puedan ser clasificados/identificados dentro de alguna de las tipologías recogidas en el Anexo I de esta ordenanza, bien por su estado de conservación, la invisibilidad del embalaje, la mezcla con algún residuo no permitido y/o prohibido o bien por cualquier otro motivo.
- 6. La presencia de residuos peligrosos, que se detecten en el momento de la recogida "puerta a puerta", supondrán la no aceptación y consecuentemente la no recogida. En caso de que no se detecten y aparezcan mezclados posteriormente a la recogida, serán almacenados en un contenedor cerrado para la entrega al gestor autorizado, procediendo a tramitar por la administración el correspondiente expediente sancionador, del que se pueda derivar la aplicación de sanción económica, así como la prohibición de uso de este servicio público.



Título II

Del régimen sancionador

Artículo 4. Infracciones

- 1. Se consideran infracciones las acciones u omisiones que contravengan lo establecido en la presente ordenanza así como aquellas otras que estén tipificadas en la legislación estatal o autonómica, reguladora de las materias que se incluyen, sin perjuicio del que los preceptos de esta ordenanza puedan contribuir a su identificación más precisa.
- 2. Las infracciones tipificadas en la presente ordenanza se clasifican en leves, graves y muy graves.
 - 3. Serán infracciones muy graves:
 - Ejercicio de cualquier actuación o actividad dentro de las instalaciones, que pueda suponer daño o deterioro ambiental.
 - b) Ejercicio de cualquier maniobra, actuación, acto vandálico o actividad dentro de las instalaciones, que pueda suponer daño o deterioro de dicha instalación o elemento anexo a la propiedad.
 - c) Obligar al personal encargado de la gestión del centro verde o al transportista a la recepción de residuos no admisibles en el centro verde, mediante extorsión, chantaje, amenaza o empleo de violencia física o verbal.
 - d) Ocultar, mezclar o incluir, dolosamente, residuos no admisibles, de tal manera que sea imposible detectarlos durante la recepción, tanto en el centro verde, como en la recogida "in-situ".
 - e) Deshacerse de residuos que puedan ser objeto de alguna prueba judicial, derivada de un acto delictivo o susceptible de poder haber causado un daño o deterioro en medio ambiente, o puesto en grave peligro la salud de las personas.
 - f) Obstruir la actividad inspectora o de control de la Diputación Provincial de Ourense.



4. Serán infracciones graves:

- a) Obligar al personal encargado de la gestión del centro verde o al transportista a la recepción gratuita de residuos admisibles en el centro verde, mediante extorsión, chantaje, amenaza o empleo de violencia física o verbal.
- b) Falsificar la documentación y datos exigidos sobre el productor, el gestor y/o los residuos que se entregan en el centro verde o en la recogida "*in-situ*".
- c) La comisión de alguna de las infracciones indicadas en el apartado anterior cuando por su escasa entidad no merezca la clasificación de muy grave.

5. Serán infracciones leves:

- a) Obligar al personal encargado de la gestión del centro verde o al transportista a la recepción gratuita de residuos admisibles centro verde, aún sin emplear violencia física o verbal.
- b) La comisión de alguna de las infracciones indicadas en el apartado anterior cuando por su escasa entidad no merezca la clasificación de grave.

Artículo 5. Prescripción de las infracciones

- 1. Las infracciones leves prescribirán al año, las graves a los tres años y las muy graves a los cinco años.
- 2. El plazo de prescripción de las infracciones comenzará a contar desde el día en que la infracción se cometa.
- 3. En los supuestos de infracciones continuadas, el plazo de prescripción comenzará a contar desde el momento de la finalización de la actividad o del último acto con el que la infracción se consuma. En caso de que los hechos o actividades constitutivos de infracción fueran desconocidos por carecer de signos externos, dicho plazo se computará desde que estos se manifiesten.
- 4. Interrumpirá la prescripción la iniciación, con conocimiento del interesado, del procedimiento sancionador, volviendo a transcurrir el plazo si dicho procedimiento está paralizado durante más de un mes por causa no imputable al infractor.



Artículo 6. Sanciones

- a) En el caso de infracciones muy graves: las multas oscilarán desde los 5.001,00 € hasta los 15.000,00 €.
- b) En el caso de infracciones graves: las multas oscilarán desde los 751,00 € hasta los 5.000,00 €.
- c) En el caso de infracciones leves: las multas serán hasta los 750,00 €.

Artículo 7. Prescripciones de las sanciones

- 1. Las sanciones impuestas por la comisión de infracciones leves prescribirán al año, las impuestas por faltas graves, a los tres años y las impuestas por faltas muy graves a los cinco años.
- 2. El plazo de prescripción de las sanciones comenzará a contar desde el día siguiente a aquel en que adquiera firmeza la resolución por la que se impone la sanción.
- 3. Interrumpirá la prescripción la iniciación, con conocimiento del interesado, del procedimiento sancionador, volviendo a transcurrir el plazo si dicho procedimiento está paralizado durante más de un mes por causa no imputable al infractor.

Artículo 8. Publicidad de las sanciones

El Pleno podrá acordar la publicación, a través de los medios que considere oportunos, de las sanciones impuestas por la comisión de infracciones graves y muy graves, una vez que esta adquiera firmeza.

Artículo 9. Competencia y procedimiento sancionador

- 1. Corresponde al presidente de la Diputación la resolución de los expedientes administrativos sancionadores en el ejercicio de la competencia que le es atribuida a tal fin por el artículo 21.1.n) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local.
- 2. La imposición de sanciones y la exigencia de responsabilidades conforme a esta ordenanza se llevarán a cabo de conformidad con el previsto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas y según los principios establecidos en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico de las administraciones públicas y demás normativa que le sea de aplicación.



Artículo 10. Reparación del daño e indemnización

Sin perjuicio de la sanción que se podrá imponer, la persona infractora quedará obligada a la reposición de la situación alterada en los supuestos previstos en el artículo 4.3.a) y b) de esta ordenanza, así como a la indemnización de los daños y perjuicios causados que deberá ser determinado por el órgano competente y tras la tramitación del correspondiente expediente en el que, en todo caso, se dará audiencia a la persona interesada. Este expediente podrá tramitarse de forma conjunta o separada del de determinación de la responsabilidad infractora.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor al día siguiente de su publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia, siempre que haya transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local.



Anexo I

Residuos permitidos y aceptados en el Centro Verde

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIALES NO PELIGROSOS
20 01 38	MADERAS
20 01 01	PAPEL
20 01 01	CARTÓN
20 01 40	CHATARRA
20 01 11	TELAS
20 01 39	PLÁSTICOS
20 01 99	OTROS
17 04 02	ALUMINIO
varios	LODOS
_	PALETS
_	EMBALAJES DE CARÁCTER INDUSTRIAL
20 01 02	VIDRIO
10 01	CENIZAS

CÓDIGO LER	RESIDUOS INDUSTRIALES DE CARÁCTER ESPECIAL
	SUBTIPO
80111	PINTURAS Y BARNICES
08 03 12	TINTAS CON DISOLVENTE O SUSTANCIAS PELIGROSAS
08 03 17	RESIDUOS DE TÓNER DE IMPRESIÓN
08 04 09	RESIDUOS DE ADHESIVOS Y SELLADORES QUE CONTIENEN DISOLVENTES ORGÁNICOS O SUSTANCIAS PELIGROSAS
CAP 08	POLVO DE LIJADO
12 01 09	EMULSIONES Y DISOLUCIONES DE MECANIZADO SIN HALÓGENOS
13 01 10	ACEITES MINERALES NO CLORADOS DE MOTOR, DE TRANSMISIÓN MECÁNICA Y LUBRICANTES
14 06 02	OTROS DISOLVENTES Y MEZCLAS DE DISOLVENTES HALOGENADOS
14 06 03	OTROS DISOLVENTES Y MEZCLAS DE DISOLVENTES
15 01 10	ENVASES QUE CONTIENEN RESTOS DE SUSTANCIAS PELIGROSAS O ESTÁN CONTAMINADOS POR ELLAS
15 01 11	ENVASES METÁLICOS, INCLUÍDOS LOS RECIPIENTES A PRESIÓN VACÍOS, QUE CONTIENEN UNA MATRIZ POROSA SÓLIDA PELIGROSA



15 02 02	ABSORBENTES, MATERIALES DE INFILTRACIÓN (INCLUÍDOS LOS FILTROS NO ESPECIFICADOS EN OTRA CATEGORÍA), TRAPOS DE
	LIMPEZA Y ROPA PROTECTORA CONTAMINADA POR SUSTANCIAS PELIGROSAS
16 01 07	FILTROS DE ACEITE
16 01 13	LÍQUIDOS DE FRENO
16 01 14	ANTICONGELANTES QUE CONTIENEN SUSTANCIAS PELIGROSAS
16 06 01	BATERÍAS DE PLOMO
20 01 33	BATERÍAS Y ACUMULADORES ESPECIFICADOS EN LOS CÓDIGOS 16 06 01, 16 06 02 O, 16 06 03, Y BATERÍAS Y ACUMULADORES SIN CLASIFICAR QUE CONTIENEN ESAS BATERÍAS
CAP 18	RESIDUOS DE LABORATORIO
16 06 04	PILAS ALCALINAS Y SALINAS
_	BASURA INDUSTRIAL
_	AGUAS HIDROCARBURADAS



Anexo II Residuos no permitidos y no aceptados en el centro verde

CÓDIGO LER	RESÍDUOS NO ADMISIBLES
_	RESIDUOS URBANOS ORGÁNICOS
_	MATERIALES RADIACTIVOS
_	MATERIALES EXPLOSIVOS
_	MATERIALES INFLAMABLES
_	RESIDUOS INFECCIOSOS
_	RESIDUOS BIOSANITARIOS Y/O CITOLÓGICOS
_	RECIPIENTES VOLUMINOSOS QUE CONTUVIESEN MATERIALES TÓXICOS O PELIGROSOS
_	MEDICAMENTOS
_	RESIDUOS SIN SEGREGAR
_	RESIDUOS SIN IDENTIFICAR
_	RESIDUOS NO ESPECIFICADOS EN LA LISTA DE ADMISIBLES

Ourense, na data e hora da sinatura electrónica,